

TEMA 14.- A ARQUITECTURA DO XX - COMENTARIOS ARQUITECTURA RACIONALISTA: MIES VAN DER ROHE

PAVILLÓN ALEMÁN DE BARCELONA

a.- Identifica a obra, sinalando, se procede, cultura/ estilo/ movemento; cronoloxía; título; autor: Pavillón Alemán de Barcelona. Movemento Moderno ou funcionalismo. Arquitectura racionalista ou Estilo Internacional alemán. O Pavillón Alemán foi deseñado por Mies van der Rohe para a Exposición Internacional de Barcelona de 1929, para representar a Alemaña en dita Exposición. Foi construído entre 1928 e 1929. Materiais: formigón, aceiro, vidros e mármore.

c.- Analiza e comenta a obra:

Poñer no Seagram Building

O alemán Mies van der Rohe é o outro grande representante da arquitectura racionalista da primeira metade do XX. Presenta semellanzas con Le Corbusier (ambos queren facer unha arquitectura de volumes puros, simples, cúbicos) pero tamén profundas diferenzas.

Para comprender a obra deste arquitecto alemán temos que aludir a unha experiencia artística que se iniciara en Alemaña en torno a 1914, chamábase *La Bauhaus*, é dicir, Casa da Construción, e estaba integrada por arquitectos, escultores e pintores cuxo obxectivo era unificar as tres artes establecendo como principios básicos os volumes puros, as formas simples e cúbicas. O director de La Bauhaus era **Walter Gropius**, que realizou unha serie de construcións racionalistas nas que practicamente fai desaparecer o muro, rodeando o edificio case completamente con ventanais que deixan á vista a estrutura interna e poñen o edificio en contacto co contorno.

En 1930 Mies van der Rohe é nomeado director de La Bauhaus; a súa obra arquitectónica xa presentaba as características que manterá ao longo de toda a súa carreira artística:

- Interese por construír rañaceos (os seus preferidos), que levará á práctica en Estados Unidos, xa que en Alemaña non tiñan grande desenvolvemento.


- Utiliza esencialmente como materiais construtivos o formigón, o aceiro e o vidro.

- Seguindo o lema de Mies van de Rohe, "*menos é máis*", triúnfan os volumes cúbicos e a ausencia de elementos decorativos.

- Reduce o aceiro e o formigón e cobre todo o edificio con enormes ventanais. Os edificios presentan o aspecto de "caixas de cristal": formas cúbicas e redución do aceiro e do formigón a un esqueleto que se cobre con ventanais. El chámalle a esta maneira de construír "*construcción de piel e ósos*" (os ósos son o aceiro e o formigón, e a piel os vidros que os cobren). O vidro era como un veo transparente que se estendía sobre o esqueleto para formar a piel. Ao crear estas grandes "caixas de cristal", a estrutura interna podía verse desde o exterior e ademais o interior relacionábase co contorno.

Coa chegada de Hitler ao poder, Van der Rohe abandona Alemaña, marchando a Estados Unidos.

O **Pavillón Alemán de Barcelona** é un dos fitos na historia da arquitectura moderna, xunto ao Edificio de la Bauhaus de Walter Gropius, A Vila Savoia de Le Corbusier e A Casa da ferrenza" de Lloyd Wright. Van der Rohe construíu esta obra por encargo da República de Weimar para simbolizar os ideais de progreso e aperturismo del Estado alemán tras a Primeira Guerra mundial, mostrándoos ao mundo na Exposición Internacional de Barcelona. En 1930, trala Exposición, desmontouse, pero se volveu a reconstruír en 1986, co mesmo deseño, emprazamento e materiais.



O Pavillón, que aínda hoxe sorprende pola súa modernidade, deseñouse como un recinto pequeno construído con vidros negros, grises, verdes e brancos transparentes, aceiro, formigón e catro tipos de mármore.

A entrada efectúase a través dunhas escaleiras situadas lateralmente con respecto ao edificio. Identificamos tres espazos diferenciados: un patio de recepción cun estanque ao que se accede polas escaleiras; o edificio, e un

patio traseiro cun pequeno estanque.

No edificio triúnfalo lema de Van der Rohe, "*menos é máis*": volumes puros e formas cúbicas, tabiques finos e grandes ventanais contínuos que representan a transparencia, a idea de liberdade e progreso da República Alemá.

O arquitecto deseñou tamén o mobiliario, do que destaca a famosa cadeira Barcelona, en coiro branco e cunha estrutura de aceiro inoxidable, con liñas elegantes e lixeiras.

A elegancia e refinamento da construción acentúase coa multitude de reflexos que ofrecen as distintas superficies puídas e reflectantes, ademais, o estanque do patio de recepción reflicte todo o edificio.



SEAGRAM BUILDING

a.- Identifica a obra, sinalando, se procede, cultura/ estilo/ movement; cronoloxía; título; autor: Seagram Building. Movemento Moderno ou funcionalismo. Arquitectura racionalista ou Estilo Internacional alemán. Este rañaceos, situado en Park Avenue (Manhattan, Nova York), foi construído por Mies van der Rohe entre 1954 e 1958. Materiais: vidro e formigón revestido de aceiro.

c.- Analiza e comenta a obra: o promotor e actual propietario do edificio foi a corporación Seagram, fundada por un contrabandista de alcohol, enriquecido durante a vixencia da "lei seca".

Este rañaceos de oficinas, que conta con 39 pisos e 157 metros de altura, constitúe o máis claro exemplo de depuración decorativa. Símbolo do mundo industrial contemporáneo, ilustra o lema do arquitecto "menos é máis", demostrando que un edificio sinxelo e sen decoración pode ser igual de sorprendente que un edificio complexo e ornamentado. Trátase da primeira gran obra de Mies nos Estados Unidos e representa o máximo expoñente do Movemento Moderno dentro da tipoloxía de oficinas.

O primeiro que chamou a atención deste rañaceos foi a súa construción diante dunha praza pública tanto para poñer en valor a propia edificación como para humanizar esa zona. Fronte á tendencia da ocupación absoluta do solo en Manhattan, Mies decidiu retranquear a súa obra uns 30 metros con respecto á rúa, ocupando só o 40% do solo, e situar diante dela unha praza con bancos e dous estanques con fontes. Grazas a esta boa solución, o propio concello modificaría en

1961 a súa lexislación urbanística para obrigar a todas as novas edificacións a deixar espazos abertos nas súas contornas.

O Seagram foi o primeiro gran rañaceos que importaba os deseños de *La Bauhaus* aos Estados Unidos, pois a construción presenta unha forma rectangular (triumfo dos volumes puros, simples) e muros-cortina: toda a fachada é un continuo de paneis de vidro de chan a teito (unha "*construcción de piel e ósos*"). Levántase sobre pilotes que o illan do chan.

Os materiais empregados son o vidro con cristais tintados e o formigón revestido



de aceiro, tal e como esixía a normativa antiincendios vixente na época non podía usar só aceiro pois é facilmente inflamable; o formigón, ignífugo, evitaba este problema.

Nesta obra profundamente moderna e funcional, Van der Rohe realiza unha homenaxe á arquitectura clásica, deseñando o rañaceos como se fose unha xigantesca columna na que son apreciables a base (os pilotes, que se corresponden co vestíbulo), o fuste (as distintas plantas) e o capitel (distinguíble claramente nos tres últimos pisos).